

MYKES

Boletín do Grupo Micológico Galego
“Luis Freire”

Volume 12
2009

MICETACIÓN DO PARQUE NATURAL «MONTE ALOIA» (PONTEVEDRA): DIVERSIDADE E AUTOECOLOXÍA

por

P.LORENZO *et* M.L.CASTRO*

LORENZO, P. *et* CASTRO, M.L. 2009. Micetación do Parque Natural «Monte Aloia» (Pontevedra): diversidade e autoecoloxía. *Mykes* 12: 29-36.

RESUMO:

Neste traballo estúdase a composición da comunidade macrofúnxica do Parque Natural do Monte Aloia (Tui, Pontevedra), así como a súa relación cos distintos biotopos da área seleccionada.

Palabras clave: Península Ibérica, Galicia, Monte Aloia, macromicetos, micocenosis, diversidade, autoecoloxía.

LORENZO, P. *et* CASTRO, M.L. 2009. Macrofungi of the Natural Park «Monte Aloia» (Pontevedra): diversity and autoecology. *Mykes* 12: 29-36.

SUMMARY:

We study the composition of macrofungal communities in the Natural Reserve of “Monte Aloia” (Tui, Pontevedra) and its relation with different biotopes in the selected area.

Key words: Iberian Peninsula, Galicia, Monte Aloia, macromycetes, mycocoenosis, diversity, autoecology.

INTRODUCCIÓN

O Parque Natural do Monte Aloia sitúase dentro do termo municipal de Tui, ó sur da provincia de Pontevedra (España), próximo á desembocadura do río Miño.

*Laboratorio de Micología. Facultade de Bioloxía Campus As Lagoas-Marcosende. Universidade de Vigo. E-36310. Vigo. e-mail: puri.lorenzo@gmail.com; lcastro@uvigo.es

Abrangue unha superficie de 746,29 ha e aséntase sobre un sustrato granítico, de composición ácida, nunha rexión climatoloxicamente húmida, como corresponde ó noroeste ibérico, na que os meses de verán poden ser considerados secos.

Trátase dun parque natural atípico, xa que a vexetación potencial, a carballeira atlántica de *Quercus robur*, ocupa pouca extensión e atópase en mal estado de conservación. Ó redor de 430 ha están ocupadas por *Pinus pinaster* e algunhas manchas de *P. sylvestris* e *P. radiata*. Tamén se observan outras plantacións, mais ou menos extensas, con especies invasoras e de interese forestal como *Robinia pseudoacacia*, *Acacia dealbata*, *A. melanoxylon* e *Eucalyptus globulus*, xunto con varios rodales de coníferas de gran porte como *Chamaecyparis lawsoniana* ou *Cryptomeria japonica*. Só na marxe de pequenos regatos pódense ver restos discontinuos da ripisilva autóctona, relativamente ben conservada e constituída esencialmente por *Alnus glutinosa*, *Corylus avellana* e *Betula alba*.

Este traballo está integrado no proxecto PGIDT99MA30I0I (Xunta de Galicia), relativo ó estudio da micobiota dos Parques Naturales da Franxa Atlántica. Este coñecemento é imprescindible de cara ós futuros proxectos relacionados tanto coa protección e conservación de especies (HAWKSWORTH, 1991) como coa xestión forestal sostida (PALM et CHAPELA, 1997) dentro e fora das áreas protexidas, do mesmo xeito que se está facendo no resto de Europa, có fin de evitar que a sobreexplotación conduza a un declive claro da biodiversidade (SHIVA et VERMA, 2002), especialmente de especies micorrícicas (ARNOLDS, 1991), grupo no que se inclúen a maioría das especies comestibles e comercializables do noroeste Ibérico.

METODOLOXÍA

Para determinar a composición da comunidade fúnxica e a súa relación cos distintos biotopos do Parque Natural, realizáronse un total de 34 visitas á área de estudo, entre novembro de 1999 e setembro de 2003.

Para posteriores estudos e tratamento de datos, os micotopos prospectados subdividíronse en 10 grupos, ós que denominamos: coníferas, caducifolios, perennifolios, madeira sen precisar, prados, matorrais, musgos, excrementos e outros. En cada visita, as mostras foron tomadas ó azar aplicando a mesma unidade de esforzo en todos eles.

O biotopo denominado coníferas está representado polas especies recollidas baixo *Pinus*, sobre todo *P. pinaster*, dominante no Parque Natural, así como outras coníferas ornamentais e/ou de interese forestal, con gran porte

e alto grao de cobertura, como *Chamaecyparis lawsoniana*, *Pseudotsuga menziesii* ou *Cryptomeria japonica*.

Nas árbores caducifolios inclúense as recollidas en masas autóctonas, discontinúas e bastante degradadas, de *Quercus robur*, así como baixo exemplares illados ou rodales de *Castanea* (*C. sativa*, *C. crenata*, etc.) e *Robinia pseudoacacia*; ademais doutras especies propias de ripisilva como *Betula alba*, *Corylus avellana* e *Alnus glutinosa*.

En árbores perennifolias están as especies recollidas principalmente baixo *Eucalyptus globulus*, así como diversas especies de *Acacia* (*A. dealbata*, *A. decurrens*, *A. melanoxylon*, etc.), normalmente plantadas formando rodales. A micobiota asociada a estas formaciónes alóctonas manifesta certo interese, que se reflexa na aparición dos taxons asociados a elas, como *Laccaria lateritia* ou *Descolea maculata*, relacionados preferentemente a eucaliptos.

Todas as mostras recollidas sobre madeira en descomposición ou que, pola suá estrutura, éranos imposible identificar a especie vexetal, incluíronse dentro do grupo madeira sen precisar.

Debido ás características ecolóxicas que xeneran os musgos, especialmente os situados nos taludes con orientación norte, con un alto grao de humidade, diferenciamos a micobiota que medra asociada exclusivamente a estas formacións, como é o caso de *Cyphellostereum laeve*.

Tamén, no ámbito do Parque Natural obsérvanse zonas de prados de dente e campos baldíos, ricos en nitróxeno e elevada insolación, que únicamente presentan vexetación herbácea, o que denominamos como prados.

Incluíuse no grupo matorral, ás zonas carentes de vexetación arbórea, con solos especialmente degradados, xunto coas vías de area e terra compactada, que serven de comunicación no interior do parque, con taludes laterais e escasa influencia da vexetación circundante, a excepción de pequenos brotes de *Cistus sp.*, *Acacia melanoxylon*, *Eucalyptus globulus* ou *Pinus pinaster*; que non chegan a sobrevivir, nin a formar densos matorrais ou bosquetes, aínda que si poden levar asociadas algunhas especies micorrizóxenas, case sempre con carpóforos de moi pequeno tamaño.

Dentro das lindes do Parque Natural, críanse cabalos e vacas, que pastan durante todo o ano na zona, xerando unha micoflora coprófila asociada.

Inclúense outros dous grupos, un definido como “outros”, que reúne ás especies encontradas en hábitats minoritarios que non se corresponde con ningún dos anteriores e “hábitat sen precisar”, para aquel material de herbario do que non podemos coñecer con exactitude o seu biotopo.

RESULTADOS E CONCLUSIÓNS

A riqueza macrofúnxica estudiada para o “Parque Natural do Monte Aloia” está incluída en 9 órdenes, 41 familias, 77 xéneros e 154 taxons, seguindo a clasificación de KIRK *et al.* (2001).

A continuación, amósase o catálogo ordeado por hábitats indicando, ademais, os outros hábitats onde foi atopada a especie.

Analizando os biotopos recoñecidos no Parque Natural, o mais importante en canto a riqueza específica corresponde, como cabería esperar pola extensión que ocupa, é o bosque de coníferas, onde se recolleron 72 especies. As outras unidades arbóreas, con caducifolias ou perennifolias, síguenlle en canto a riqueza macrofúnxica, con 40 e 32 especies, respectivamente.

Lenda:

AC	-caducifolios	E	-excrementos	MT	-matorral
AP	-perennifolios	L	-lignícola	P	-prado
C	-coníferas	M	-musgos	SP	-sen precisar

PRADOS (6)

<i>Agaricus campestris</i> var. <i>campestris</i> – P	<i>Coprinus micaceus</i> – P / SP (L)
<i>Agaricus campestris</i> var. <i>squamulosus</i> – P	<i>Macrolepiota procera</i> – P
<i>Conocybe digitalina</i> – P	<i>Vascellum pratense</i> – P

EXCREMENTOS (3)

<i>Conocybe digitalina</i> – E / P	<i>Psilocybe semiglobata</i> – E
<i>Panaeolus semiovatus</i> – E	

LIGNÍCOLAS sen precisar (16)

<i>Calocera viscosa</i> – SP (L) / AC (L)	<i>Lenzites betulina</i> – SP (L)
<i>Coprinus micaceus</i> – SP (L) / P	<i>Mycena inclinata</i> – SP (L) / AP (L)
<i>Dacrymyces stillatus</i> – SP (L)	<i>Mycena leptcephala</i> – SP (L)
<i>Flammulina velutipes</i> – SP (L)	<i>Mycena mirata</i> – SP (L)
<i>Heterobasidium annosum</i> – SP (L)	<i>Pleurotus ostreatus</i> – SP (L)
<i>Gymnopus fusipes</i> – SP (L)	<i>Psathyrella candolleana</i> – SP (L)
<i>Hygrophoropsis aurantiaca</i> – SP (L) / C	<i>Pulcherricium caeruleum</i> – SP (L) / AP (L)
<i>Lentinus conchatus</i> – SP (L) / AP (L)	<i>Skeletocutis percandida</i> – SP (L)

LIGNÍCOLAS coníferas (19)

- | | |
|---|---|
| <i>Bjerkandera fumosa</i> – C (L) | <i>Plicaturella panuoides</i> – C (L) |
| <i>Byssomerulius corium</i> – C (L) / AC (L) / AP (L) | <i>Pluteus atromarginatus</i> – C (L) |
| <i>Callistoporum luteoolivaceum</i> – C (L) | <i>Psilocybe fascicularis</i> – C (L) / AC (L) / AP (L) |
| <i>Ganoderma australe</i> – C (L) / AP (L) | <i>Schizophyllum commune</i> – C (L) / AC (L) |
| <i>Gymnopilus hybridus</i> – C (L) | <i>Setulipes androsaceus</i> – C (L) / (L) |
| <i>Gymnopilus junonius</i> – C (L) / AP (L) | <i>Sparassis crispa</i> – C (L) |
| <i>Gymnopilus penetrans</i> – C (L) | <i>Tapinella atrotomentosa</i> – C (L) |
| <i>Mycena galericulata</i> – C (L) / AP (L) | <i>Trichaptum abietinum</i> – C (L) |
| <i>Mycena maculata</i> – C (L) | <i>Tricholomopsis rutilans</i> var. <i>rutilans</i> – C (L) |
| <i>Mycena seynii</i> – C (L) | |

LIGNÍCOLAS caducifolias (7)

- | | |
|---|---|
| <i>Bjerkandera adusta</i> – AC (L) / AP (L) | <i>Schizophyllum commune</i> – AC (L) / C (L) |
| <i>Byssomerulius corium</i> – AC (L) / AP (L) / C (L) | <i>Stereum hirsutum</i> – AC (L) |
| <i>Calocera viscosa</i> – AC (L) / SP (L) | <i>Tremella mesenterica</i> – AC (L) |
| <i>Psilocybe fascicularis</i> – AC (L) / AP (L) / C (L) | |

LIGNÍCOLAS perennifolias (17)

- | | |
|---|--|
| <i>Armillaria mellea</i> – AP (L) | <i>Mycena inclinata</i> – AP (L) / SP (L) |
| <i>Byssomerulius corium</i> – AP (L) / C (L) / AC (L) | <i>Peniophora violaceolivida</i> – AP (L) |
| <i>Chondrostereum purpureum</i> – AP (L) | <i>Phellinus torulosus</i> – AP (L) |
| <i>Crepidotus applanatus</i> – AC (L) | <i>Psilocybe fascicularis</i> – AP (L) / C (L) / AC (L) |
| <i>Ganoderma australe</i> – AP (L) / C (L) | <i>Psilocybe hepatochrous</i> – AP (L) |
| <i>Gymnopilus junonius</i> – AP (L) / C (L) | <i>Pulcherricium caeruleum</i> – AP (L) / SP (L) |
| <i>Lentinus conchatus</i> – AP (L) / SP (L) | <i>Trametes versicolor</i> – AP (L) |
| <i>Mycena galericulata</i> – AP (L) / C (L) | <i>Tricholomopsis rutilans</i> var. <i>albofimbriatum</i> – AP (L) |
| | <i>Tyromyces fissilis</i> – AP (L) |

LIGNÍCOLAS outros (1)

- Setulipes androsaceus* – (L) / C (L)

CONÍFERAS (53)

- | | |
|--|---|
| <i>Amanita ceciliae</i> – C | <i>Amanita junquillea</i> – C / AP |
| <i>Amanita citrina</i> – C / AC | <i>Astraeus hygrometricus</i> – C / AC / AP |
| <i>Amanita excelsa</i> var. <i>excelsa</i> – C | <i>Boletus pinophilus</i> – C |

Cantharellus cibarius – C / AC
Cantharellus tubaeformis – C / AC
Chroogomphus rutilus – C
Clavulina rugosa – C / AP
Clitocybe agrestis – C / AP
Clitocybe rivulosa – C
Coltricia perennis – C / M
Cortinarius cinnamomeus – C
Cortinarius lividoochraceus – C
Entoloma conferendum var. *conferendum* – C / AC
Entoloma conferendum var. *pusillum* – C
Entoloma rhodopolium – C
Gomphidius roseus – C
Hydnum repandum – C / AP
Hygrocybe conica – C
Hygrocybe laeta – C
Hygrocybe miniata – C
Inocybe calamistrata – C
Inocybe flocculosa var. *flocculosa* – C
Inocybe lacera – C
Inocybe rimosa – C / AC
Laccaria amethystina – C / AC
Laccaria bicolor – C / SP
Laccaria lateritia – C / AC / AP

Lactarius deliciosus var. *deliciosus* – C
Lactarius deliciosus var. *atrovirenes* – C
Lactarius rufus – C
Lactarius turpis – C / AC
Leucoagaricus brebisonii – C
Lycoperdon perlatum – C
Mycena amicta – C
Mycena capillaripes – C
Mycena clavicularis – C
Mycena epipterygia – C
Mycena galopus – C / AP / AC
Paxillus involutus – C / AC / AP
Psathyrella gracilis – C
Psilocybe aurantiaca – C
Russula amara – C
Russula ochroleuca – C / AC / AP
Russula pseudoaruginea – C / AC
Russula queleti – C
Russula sardonica – C
Russula turci – C
Scleroderma citrinum – C / AC
Suillus bovinus – C
Xerocomus badius – C

ÁRBORES PERENNIFOLIAS (15)

Amanita junquillea – AP / C
Amanita muscaria var. *muscaria* – AP
Amanita submembranacea – AP
Astraeus hygrometricus – AP / C / AC
Clavulina rugosa – AP / C
Clavulinopsis corniculata – AP
Clitocybe agrestis – AP / C
Descolea maculata – AP

Hydnum repandum – AP / C
Laccaria lateritia – AP / C / AC
Lycoperdon umbrinum – AP
Mycena galopus – AP / AC / C
Paxillus involutus – AP / AC / C
Russula ochroleuca – AP / C / AC
Tricholoma saponaceum – AP

ÁRBORES CADUCIFOLIAS (32)

Amanita citrina – AC / C
Amanita crocea – AC

Amanita excelsa var. *spissa* – AC
Amanita muscaria var. *formosa* – AC

Amanita vaginata – AC
Astraeus hygrometricus – AC / AP / C
Boletus erythropus – AC
Cantharellus cibarius – AC / C
Cantharellus tubaeformis – AC / C
Entoloma conferendum var. *conferendum* – AC / C
Inocybe rimosa – AC / C
Laccaria amethystina – AC / C
Inocybe lanuginosa – AC
Laccaria lateritia – AC / AP / C
Lactarius camphoratus – AC
Lactarius mitissimus – AC
Lactarius turpis – AC / C
Leccinum scabrum – AC

Leucoagaricus barsii – AC
Leucoagaricus melanotrichus var. *melanotrichus* – AC
Mycena galopus – AC / C / AP
Paxillus involutus – AC / AP / C
Russula albonigra – AC
Russula amoena – AC
Russula chloroides – AC
Russula cyanoxantha var. *cyanoxantha* – AC
Russula heterophylla – AC
Russula nigricans – AC
Russula ochroleuca – AC / AP / C
Russula pseudoaruginea – AC / C
Scleroderma areolatum – AC
Scleroderma citrinum – AC / C

MUSGOS (3)

Clavulina cristata – M
Coltricia perennis – M / C

Cyphellostereum laeve – M

MATORRAL (8)

Hgrophoropsis aurantiaca – C / SP (L)
Laccaria proxima – MT / SP
Paxillus involutus – MT / C / AC / AP
Pisolithus arhizus – MT

Psathyrella olympiana – MT
Rhizopogon roseolus – MT
Scleroderma polyrhizum – MT
Suillus bovinus – MT / C

HÁBITAT SEN PRECISAR (21)

Amanita excelsa var. *valida* – SP
Amanita fulva – SP
Amanita mairei – SP
Boletus edulis – SP
Clavulina cinerea – SP
Laccaria bicolor – SP / C
Lactarius lacunarum – SP
Lactarius vellereus – SP
Lepiota aspera – SP
Megacollybia platyphylla – SP
Pisolithus arhizus – SP

Psathyrella spadiceogrisea – SP
Rhizopogon roseolus – SP
Rhizopogon roseolus – SP
Russula cyanoxantha var. *variata* – SP
Russula delica – SP
Russula densifolia – SP
Sarcodon scabrosus – SP
Tricholoma lascivum – SP
Volvariella gloiocephala – SP
Xerocomus chrysenteron – SP

OUTROS (I)

Xerocomus parasiticus - *scleroderma*

AGRADECEMENTOS

Agradecer á Xunta de Galicia pola concesión do proxecto PGIDT99MA30101, que nos permitiu desenvolver o traballo. Á Xunta Xestora e a todo o persoal do Parque Natural, polas facilidades dadas para mostrear as zonas seleccionadas, a Alfredo Justo a colaboración na recollida do material e á Dra. Maruxa Álvarez pola súa axuda no campo da ecoloxía.

BIBLIOGRAFÍA

- ARNOLDS, E. 1991. Decline of ectomycorrhizal fungi in Europe. *Agr. Ecosyst. Environ.* 35: 209-244.
- HAWKSWORTH, D.L. 1991. The fungal dimension of biodiversity: magnitude, significance and conservation. *Mycol. Res.* 95(6): 641-655.
- KIRK, P.M., CANNON, P.F., DAVID, J.C. et STALPERS, J.A. (eds.). 2001. *Ainsworth et Bisby's Dictionary of the Fungi*. 9th Edition. CAB International. Wallingford (UK).
- PALM, M.E. et CHAPELA, I.H. (eds.). 1997. *Mycology in sustainable development: expanding concepts, vanishing borders*. Parkway Publishers, Inc. Boone (USA).
- SHIVA, M.P. et VERMA, S.K. (eds.). 2002. *Approaches to sustainable forest management and biodiversity conservation*. International Books Distributors. Uttaranchal (India).